
RECOMENDACIÓNS E BOAS PRÁCTICAS NO ÁMBITO LABORAL INSTITUTO DE PSICOLOXÍA (IPSIUS)

Co obxectivo de fomentar un entorno de traballo eficiente, respectuoso, igualitario, e, á vez, coordinado, dende o IPsiUS elaboramos esta guía de boas prácticas para todo o persoal investigador vinculado e adscrito. As seguintes recomendacións buscan mellorar a comunicación interna, optimizar a xestión de tarefas e promover o benestar de todas as persoas que forman parte do Instituto.

♦ HORARIOS DE ACTIVIDADE LABORAL

Considérase que a xornada habitual de traballo abrangue unha banda horaria comprendida entre as 09:00 e as 18:00 horas, en días laborables. Polo tanto recoméndase:

- Evitar o envío de comunicacións (correos, mensaxes, etc.) fóra deste horario.
- En caso de que sexa preciso redactar mensaxes fóra do horario establecido, empregar a opción de programación de envío, dispoñible nas ferramentas corporativas.

♦ USO DE CANLES E VÍAS DE COMUNICACIÓN

Para garantir unha comunicación eficaz e organizada:

- Utilizar exclusivamente os medios institucionais, como o correo corporativo, Microsoft Teams ou outras ferramentas oficiais proporcionadas pola institución.
- Evitar o uso de canles persoais ou non autorizadas para asuntos laborais ou administrativos.

Co fin de axilizar o fluxo de información nas comunicacións coa dirección e a administración, e evitar así a saturación das canles oficiais, recoméndase:

- Ante calquera dúbida ou consulta que atinxa á axenda científica do IPsiUS (por ex., viabilidade dunha colaboración científica, encaixe dunha nova liña de investigación, proposta de actividades formativas), dirixirse en primeiro lugar ao/á coordinador/a do grupo de investigación ou á persoa máis próxima do Consello Científico. Esta consulta será posteriormente trasladada á dirección, a través da conta de correo: ipsius.direccion@usc.gal.
- Para calquera cuestión relacionada coa xestión ou asuntos administrativos (por ex., informes ou certificados de participación, axenda de actividades, comunicación de altas/baixas e investigadores visitantes), dirixirse sempre á conta de correo de administración: ipsius.administracion@usc.gal
- Toda actividade realizada por membros do IPsiUS que poida ser susceptible de divulgación (por ex., participación en congresos, organización de actividades...) deberá ser comunicada á conta de correo de administración: ipsius.administracion@usc.gal. Esta información é fundamental para dar visibilidade ao labor investigador e manter actualizadas as canles oficiais de difusión.

♦ XESTIÓN DA DOCUMENTACIÓN E ACCESO Á INFORMACIÓN

Promover unha xestión da información eficiente é esencial para o funcionamento coordinado do IPsiUS, así como para garantir a trazabilidade, a transparencia e a seguridade da información que manexamos.

- É responsabilidade de todo o persoal garantir unha xestión ética e segura da documentación e dos datos vinculados á actividade do Instituto.
- Toda a documentación actualizada relativa ao funcionamento do Instituto (formularios, normativas, procedementos, etc.) debe estar dispoñible na Intranet institucional do IPsiUS.
- Recoméndase empregar exclusivamente a Intranet institucional para o almacenamento e acceso á información interna, así como a súa consulta periódica para asegurar o acceso á información e documentación vixente.

◆ XESTIÓN DE ALTAS, BAIXAS E VISITAS

Co obxectivo de manter actualizado o rexistro de persoas adscritas ao Instituto:

- É preciso comunicar á administración do IPsiUS todas as altas e baixas de persoal asociado ao grupos de investigación (por ex., persoal investigador en formación, técnicos de investigación...).
- Tamén deberá informarse de calquera persoa visitante que vaia desenvolver actividades no marco do IPsiUS, mesmo por períodos curtos.

◆ PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO

O funcionamento do Instituto baséase no compromiso colectivo. Por este motivo:

- Agárdase a participación activa de todo o persoal nas actividades organizadas polo IPsiUS (seminarios, xornadas, reunións, etc.).
- Esta participación é clave para manter unha comunidade dinámica, colaborativa e integrada.

◆ COMPROMISO COAS BOAS PRÁCTICAS EN IGUALDADE E INVESTIGACIÓN

O IPsiUS mantén un compromiso firme cos principios de igualdade, diversidade e integridade científica. Estes valores están recollidos en documentos oficiais da USC, que guían tamén a nosa actividade cotiá.

- En materia de igualdade, as accións do instituto réxense polo *Plan Estratégico de Igualdade da USC*, ao cal todo o persoal debe atender: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2021.1420>
- En relación coas boas prácticas científicas e de investigación, o IPsiUS rexerase polas directrices da guía institucional (<http://hdl.handle.net/10347/28800>) que todo o persoal deberá atender, sen prexuízo doutros códigos éticos ou guías de boas prácticas que sexan de aplicación.

A adhesión a estes principios forma parte do noso compromiso individual e colectivo cun entorno de traballo xusto, ético e de calidade.

Estas recomendacións non substitúen as normativas laborais ou internas vixentes, pero complementan o seu espírito promovendo boas prácticas profesionais. A colaboración de todos os/as membros/as do IPsiUS resulta esencial para consolidar un entorno de traballo saudable, eficiente e respectuoso.

*Este documento foi elaborado pola Unidade de Desenvolvemento
Insitucional e aprobouse no Consello Científico do IPsiUS o 17
de outubro de 2025*